

DATOS DO PROXECTO

Título do proxecto

Emocións e reaccións a estímulos

Resumo do proxecto

Neste traballo analizaremos as reaccións a unha serie de estímulos e situacións, de distintos grupos de persoas, para ver as semellanzas e diferenzas e relacionalas entre eles.

Descrición do proxecto

Mediante un test con situacións, emocións e partes audiovisuais realizado a alumnado de 1º ESO, 2º Bacharelato, adultos e persoas con discapacidade intelectual fomos vendo os seus comportamentos e comparamos ao final todos os grupos.

Hipótese exposta

As nosas hipóteses iniciais eran:

1. Canto máis maior fose a persoa, mellor sabería reaccionar e estaría máis calmado ante as situacións propostas no test.
2. As mulleres terían reaccións máis positivas ás emocións ca os homes.
3. As persoas con discapacidade intelectual terían as reaccións máis negativas, serían máis sensibles.

Resultados/conclusións

Unha vez analizados todos os datos, concluímos que as persoas maiores xestionan mellor as súas emocións, posiblemente pola súa experiencia na vida. Ademais, independentemente da idade, os homes xestionan peor as emocións que as mulleres, mais elas foron máis sensibles ao pitido e ás imaxes. As reaccións das persoas con discapacidade están máis achegadas ás reaccións dos rapaces que as dun adulto e son moito máis sensibles a estímulos, independentemente do seu sexo.

Datos persoais

Alumnas: Alicia Gilete Rendueles e Sabela Otero Figueira

Curso: 1º Bacharelato

IES Plurilingüe de Ames